

DOMINGO XIII ORDINARIO

99.-

PRIMEIRA LECTURA

Ergueuse Eliseo e marchou seguindo a Elías

Lectura do libro primeiro dos Reis 19, 16b. 19-21

Naqueles días, o Señor díxolle a Elías:

—«Unxe por profeta, teu sucesor, a Eliseo, fillo de Xafat, de Abel Meholah.»

Elías marchou de alí e encontrouse con Eliseo, fillo de Xafat, que estaba labrando con doce xuntas de bois e levaba el mesmo a derradeira. Elías pasou a carón del e botoulle enriba o seu manto. Eliseo deixou ó momento os bois e foi correndo atrás de Elías, e díxolle:

—«Déixame despedirme de meu pai e de miña nai, e logo ireime contigo.»

El respondeulle:

—«Vai, pero volve, pois xa ve-lo que fixen contigo.»

Cando estivo de volta, Eliseo colleu a xunta de bois e ofreceunos en sacrificio. Cos apeiros de labrar coceu a carne e deulle á xente de comer. Despois ergueuse, marchou seguindo a Elías e quedou ó seu servicio.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 15, 1-2a e 5. 7-8. 9-10. 11 (R.: cf. 5a)

R.: Ti es, Señor, a miña herdade.

Gárdame, Deus, que en ti busco agarimo.

Eu declaro ó Señor: «Ti e-lo meu dono.»

Ti es, Señor, a porción da miña herdade e do meu cáliz, está nas túas mans o meu porvir. R.

Bendigo o Señor que me aconsella,
 e ata de noite me ensina no meu íntimo.
 Teño sempre presente o Señor,
 con el ó meu lado non vou vacilar. **R.**

Por iso o meu corazón está contento,
 as miñas entrañas reloucan
 e o meu corpo descansa seguro,
 pois non abandonarás no abismo a miña vida,
 nin deixarás que o teu santo vexa a corrupción. **R.**

Has amosarme camiños de vida,
 has encherme onda ti de ledicia,
 de gozo sen fin ó teu lado. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Fostes chamados á liberdade

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Gálatas **5, 1. 13-18**

Irmáns:

Para vivirmos en liberadade liberounos Cristo. ¡Estádeme, logo, ben firmes nel! ¡Que non vos canguen outra vez o xugo da escravitude!

A vós chamáronvos á liberdade. ¡Pero coidadiño con servir ós baixos instintos co gallo da liberdade! Habédesme ser escravos uns dos outros mediante o amor.

Porque toda a Lei está completa neste precepto: «Amara-lo teu próximo coma a ti mesmo.» Pero, se vos adentades e devorades, levade tento de non acabardes uns cos outros.

Quérovos dicir que vivades conforme o Espírito e que non satisfagáde-los degoros da concupiscencia.

Porque os baixos instintos cobizan contra o Espírito e o Espírito contra os baixos instintos: opóñense de tal xeito entre eles, que non facéde-lo que de verdade queredes. Mais, se vos guiades polo Espírito, daquela xa non estades baixo a Lei.

Palabra do Señor.

Aleluia 1 Sam 3, 9; Xn 6, 68c

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Fala, Señor, que o teu servo escoita;
ti tes palabras de vida eterna.

Aleluia.

EVANXEO

Decidiu en firme ir a Xerusalén. Seguireite a onde vaias

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 9, 51-62

Naquel tempo, cando se ía cumpri-lo tempo de que levantasen a Xesús deste mundo, decidiu en firme ir a Xerusalén. Mandou mensaxeiros por diante. Entrando estes nunha aldea de samaritanos, para lle prepararen pousada, non o recibiron, porque lle coñeceron que ían cara a Xerusalén. Ó veren isto, os discípulos Santiago e Xoán dixeron:

—«Señor, ¿queres que digamos que baixe do ceo un raio que os parta?»

Pero el volveuse e rifoulles. E foron para outra aldea.

Polo camiño, díxolle un:

—«Seguireite, vaias onde vaias.»

Respondeulle Xesús:

—«As raposas teñen tobeiras, e os paxaros teñen niños; pero o Fillo do Home non ten onde pousa-la cabeza.»

Díxolle a outro:

—«Sígueme.»

Pero el contestoulle:

—«Déixame ir primeiro enterrar a meu pai.»

Respondeulle:

—«Deixa que os mortos enterren os seus mortos: ti vai anuncia-lo Reino de Deus.»

Outro díxolle tamén:

—«Señor, seguireite, pero deixa que primeiro me despida da miña familia.»

Contestoulle:

—«Quen despois de pó-la man no arado, mira para atrás, non é apto para o Reino de Deus.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XIV ORDINARIO

102.-

PRIMEIRA LECTURA

Velaí mandarei sobre ela, coma choiva, a paz

Lectura do libro de Isaías 66, 10-14c

Alegrádevos con Xerusalén,
exultade por ela, tódoos que a amades.

Reloucade con ela de xúbilo
os que por ela levastes loito.

Mamaredes ó seu peito
e fartarédesvos das súas consolacións;
zugaredes con delicia
a riqueza do seu seo.

Porque así fala o Señor:

«Farei correr ata ela a fartura coma un río,
coma un río desbordado a riqueza das nacións.

Collarán no brazo os seus meniños,
e aloumiñaranos sobre os xeonllos.

Coma unha nai que consola o seu fillo,
así eu vos consolarei;

¡en Xerusalén seredes consolados!

Vós verédelo, e alegrarase o voso corazón,
e os vosos ósos florecerán coma un campo.

A man do Señor daráselles a coñecer ós seus servos.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 65, 1-3a. 4-5. 6-7a. 16 e 20 (R.: 1)

R.: Aclama a Deus, terra enteira.

Aclama a Deus, terra enteira,
canta a gloria do seu nome;

réndelle o honor da loanza,
dille: «¡Que sorprendentes son as túas obras!» **R.**

Próstrase a terra toda diante túa
e canta salmos ó teu nome.
Vinde e vede as obras do Señor,
os seus sorprendentes feitos entre os homes. **R.**

El mudou o mar en terra seca
e pasaron o río a pé:
felicitémonos por iso.
Co seu poder domina o mundo. **R.**

Vinde os que teméde-lo Señor,
e contaréivo-lo que el fixo por min.
Bendito sexa Deus,
que non desbotou a miña súplica
nin afastou de min o seu amor. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Levo no meu corpo os sinais de Xesús

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Gálatas **6, 14-18**

Irmáns:

A min Deus me libre de gabarme en algo que non sexa a cruz do noso Señor Xesucristo, na que o mundo está crucificado para min coma eu para o mundo.

Pois tanto ten estar circuncidado coma estar sen circuncidar: o que importa é a nova creación.

A paz e maila misericordia virán sobre tódolos que se axusten a esta norma e sobre o Israel de Deus.

De hoxe en diante que ninguén me veña amolar, porque levo no meu corpo as marcas de Xesús.

Irmáns, que a gracia do noso señor Xesús Cristo acompañe ó voso espírito. Amén.

Palabra do Señor.

Aleluia Col 3, 15a. 16a

Se no se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Que a paz de Cristo reine nos vosos corazóns,
que a palabra de Cristo habite abondosamente en vós.
Aleluia.

EVANXEO

Descansará nela a vosa paz

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 10, 1-12. 17-20

Naquel tempo, designou o Señor a outros setenta e dous, e mandounos de dous en dous por diante del a tódalas vilas e aldeas onde tiña pensado ir. Díxolles:

—«A anada évos ben boa, pero os xornaleiros son poucos; así que rogádelle ó dono da colleita que mande xornaleiros á súa ceifa.

Ide e sabede que vos mando coma años entre lobos. Non levedes saco, nin alforxa, nin calzado, nin vos paredes a parolar con ninguén polo camiño. Cando entredes nunha casa, antes de máis nada dicide: “Paz a esta casa.” E se alí hai xente de paz, sobre ela repousará a vosa paz; se non a hai, volverá convosco.

Permanecedes na mesma casa, comendo e bebendo do que teñan, que o obreiro ten dereito ó seu xornal. Non andedes dunha casa para outra. Cando entredes nunha vila e vos acollan, comedes do que vos poñan, curade os enfermos que haxa e dicídelles: “Xa chega a vós o Reino de Deus.”

Pero cando non vos acollan na vila na que entredes, saíde ás prazas dicindo: “Non queremos levar da vosa vila nin o po que se nos pegou ós pés. Aí vos queda. Pero sabede que xa chega o Reino de Deus.”

Asegúrovos que o Día do Xuízo será máis levadeiro para Sodoma do que para aquela vila.»

Entón volveron os setenta e dous moi contentos dicindo:

—«Señor, aínda os demos tamén se nos someten no teu nome.»

El replicou:

—«Eu vía a Satanás caendo do ceo coma un raio. Porque vos dei poder para pisardes cobras e mais alacrás e poder sobre toda forza inimiga, e nada vos fará mal. Con todo, non vos alegredes de que os espíritos se vos sometan: alegrádevos, máis ben, de que os vosos nomes estean escritos no ceo.»

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 10, 1-9

Naquel tempo, designou o Señor a outros setenta e dous, e mandounos de dous en dous por diante del a tódalas vilas e aldeas onde tiña pensado ir. Díxolles:

—«A anada évos ben boa, pero os xornaleiros son poucos; así que rogádelle ó dono da colleita que mande xornaleiros á súa ceifa.

Ide e sabede que vos mando coma años entre lobos. Non levedes saco, nin alforxa, nin calzado, nin vos paredes a parolar con ninguén polo camiño. Cando entredes nunha casa, antes de máis nada dicide: “Paz a esta casa.” E se alí hai xente de paz, sobre ela repousará a vosa paz; se non a hai, volverá convosco.

Permanecede na mesma casa, comendo e bebendo do que teñan, que o obreiro ten dereito ó seu xornal. Non andedes dunha casa para outra. Cando entredes nunha vila e vos acollan, comedo do que vos poñan, curade os enfermos que haxa e dicídelles: “Xa chega a vós o Reino de Deus.”»

Palabra do Señor.

DOMINGO XV ORDINARIO

105.-

PRIMEIRA LECTURA

A palabra está cerca de ti para a cumpires

Lectura do libro do Deuteronomio 30, 10-14

Faloulle Moisés ó pobo e díxolle:

—«Escoita a voz do Señor, o teu Deus, gardando os seus mandamentos e os seus preceptos, o escrito no libro desta lei.

Convértete ó Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón e con toda a túa alma.

Esta lei, que eu che prescribo hoxe, non está posta por enriba de ti nin tampouco lonxe de ti. Non está enriba, no ceo, para poderes dicir: “¿Quen subirá por nós ata o ceo e nola collerá e nola fará escoitar para que nós a cumpramos?”

Tampouco está lonxe, da outra banda do mar, para poderes dicir: “¿Quen cruzará por nós ó outro lado do mar e nola collerá e nola fará escoitar para que nós a cumpramos?”

Ó contrario, a palabra está moi cerca de ti, na túa boca e no teu corazón, para a cumpires.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 68, 14 e 17. 30-31. 33-34. 36ab e 37
(R.: cf. 33)

R.: Humildes, buscade o Señor, e vivirá o voso corazón.

Eu, Señor, suplico cara a ti,
na hora, meu Deus, do teu favor.
Pola túa moita bondade,
respóndeme, pois ti e-lo socorro verdadeiro.
Respóndeme, Señor, conforme ó teu amor,
pola túa misericordia, vólvetes a min. **R.**

Mais a min, pobre e doente,
érgueme, Deus, co teu socorro.
Loarei a Deus con cantos,
gabareino con acción de gracias. **R.**

Olládeo, humildes, e alegrádevos,
avivecede o corazón os que buscáde-lo Señor,
pois o Señor escoita os humildes,
non despreza os seus na cadea. **R.**

Abofé, salvará Deus a Sión:
recomporá as vilas de Xudá.
Herdaranas os fillos dos seus servos,
habitaranas os que aman o seu nome. **R.**

Ou:

Sal 18, 8. 9. 10. 11 (R.: 9a)

R.: Os mandatos do Señor son rectos: aledan o corazón.

A lei do Señor é perfecta:
reconforta a alma;
a declaración do Señor é firme:
fai sabio ó inxenuo. **R.**

Os mandatos do Señor son rectos:
aledan o corazón;
o precepto do Señor é limpo:
ilumina os ollos. **R.**

A vontade do Señor é pura:
permanece por sempre;
as decisións do Señor son verdadeiras:
enteiramente xustas. **R.**

Son máis cobizables có ouro,
máis có metal precioso;
son máis doces có mel,
máis có zume da antera. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Por El e para El foron creadas tódalas cousas

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Colosenses 1, 15-20

Cristo Xesús é imaxe do Deus invisible,
 o primoxeito de toda criatura,
 e por medio del fixéronse as cousas:
 as da terra e tamén as do ceo,
 as vistas cos ollos e as por eles non vistas;
 señoríos sexan ou ben dominacións,
 sexan principados, tamén potestades;
 el é modelo e fin do universo creado.

Antes ca todo está el
 e todo nel se cimenta aínda hoxe.
 É tamén a cabeza do corpo
 —o corpo é a Igrexa—.

El é o principio,
 o primoxénito de entre os mortos,
 de xeito que en todo sexa sempre o primeiro.

Porque nel quixo Deus habitar
 coa súa total plenitude:
 reconciliar así o universo consigo, por el;
 e no sangue da cruz poñer paz
 entre os seres da terra e do ceo, servíndose del.

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. Xn 6, 63c. 68c

Se no se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

As túas palabras, Señor, son espírito e vida;
 ti tes palabras de vida eterna.

Aleluia.

EVANXEO

¿Quen é o meu próximo?

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 10, 25-37

Naquel tempo, ergueuse certo xurista e preguntoulle a Xesús para o poñer á proba:

—«Mestre, ¿que teño que facer para herda-la vida eterna?»

El respondeulle:

—«¿Que pon a Lei? ¿Que les?»

Contestou:

—«Amara-lo Señor teu Deus con todo o teu corazón, con toda a túa alma, toda a túa forza e con todo o teu entendemento, e o próximo coma a ti mesmo.»

El díxolle:

—«Contestaches perfectamente; cúmpreo e vivirás.»

Pero o xurista, querendó xustificarse, preguntoulle a Xesús:

—«¿E quen é o meu próximo?»

Xesús replicou:

—«Dunha vez un home baixaba de Xerusalén a Iericó, e asaltárono uns bandidos, que, despois de o roubaren e bouraren nel, deixárono medio morto. Cadrou a baixar polo mesmo camiño un sacerdote, que, ó velo, deu un rodeo e pasou de largo. Igual fixo un clérigo que pasaba por alí: ó chegar e velo, deu un rodeo.

Pero un samaritano, que ía de camiño polo mesmo lugar, ó velo, sentiu lástima; e achegándose a el, curoulle as feridas con aceite e viño e vendoullas. Logo, montouno na súa cabalgadura, levouno a unha pousada e coidouno.

Ó outro día colleu dous denarios, deullos ó pousadeiro, e díxolle: “Coida del, e cando volva xa che pagarei o que gastes de máis.”

¿Quen dos tres che parece que foi próximo do que caeu nas mans dos bandidos?»

El respondeu:

—«O que practicou a misericordia con el.»

Díxolle Xesús:

—«Pois ti vai e fai outro tanto.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XVI ORDINARIO

108.-

PRIMEIRA LECTURA

Señor, non pases sen te deteres onda o teu servo

Lectura do libro da Xénese 18, 1-10a

O Señor apareceuse na carballeira de Mambré a Abrahán, estando este sentado á entrada da súa tenda, nas horas da calor.

Abrahán ergueu os ollos e viu tres homes de pé diante del. En véndoos, correu ó seu encontro, desde a entrada da tenda, e prostrouse, dicindo:

—«Meu Señor, se merezo o teu favor, non pases sen te deteres onda o teu servo. Farei traer unha pouca auga, bañaréde-los pés e descansaredes baixo a árbore. Coa mesma e xa que pasades por onda o voso servo, traerei un anaco de pan. Repararedes con el as forzas, para logo seguides camiño.»

Responderon eles:

—«Está ben. Fai como dis.»

Abrahán correu á tenda onda Sara, para lle dicir:

—«Trae tres cuncas de flor de fariña, axiña: amásaa, e prepara unha bica.»

E el foi correndo ó cortello, colleu o vitelo máis tenro e mellor, e deullo a un criado para que o guisase ó momento.

Despois, co vitelo guisado, colleu manteiga e leite, e servíullelos. Mentres eles comían, el estaba ó seu lado baixo a árbore.

Nisto eles preguntáronlle:

—«¿Onde está Sara, túa muller?»

El respondeu:

—«Aí dentro, na tenda.»

E un deles engadiu:

—«Volverei verte para o ano, e entón Sara a túa muller, terá un fillo.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 14, 2-3ab. 3cd-4ab. 5 (R.: 1a)

R.: ¿Quen, Señor, se hospedará na túa tenda?

Aquel que procede honradamente
e practica a xustiza;
o que ten sinceridade no corazón
e non calumnia coa súa lingua. R.

O que non lle fai mal ó seu próximo
e non difama o seu veciño;
o que despreza os malvados,
mais enaltece os que temen o Señor. R.

O que non presta con usura o seu diñeiro,
e non se deixa subornar contra o inocente.
Quen así se comporta,
endexamais o abalarán. R.

SEGUNDA LECTURA

O misterio oculto de séculos, pero agora manifestado ós santos

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Colosenses 1, 24-28

Irmáns:

Agora alégrome do que teño que padecer por vós; así completo na miña carne o que lles falta ás penalidades de Cristo polo seu corpo, que é a Igrexa.

Desta Igrexa fíxoseme servidor cando Deus me encomendou para o voso ben esta misión: predicar cumpridamente a palabra de Deus, ese misterio escondido desde séculos e xeracións, pero que se manifesta agora ó seu pobo santo.

A este pobo quíxolle Deus amosa-la espléndida riqueza de gloria que representa para os pagáns este segredo: ¡que Cristo é para vós a esperanza da gloria!

El é a quen nós anunciamos, aconsellando a todos, adoutrinándoos o mellor que sabemos para facer cristiáns como é debido.

Palabra do Señor.

Aleluia Cf. Lc 8, 15

Se no se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Ditosos os que gardan a palabra de Deus en corazón recto e bo e con paciencia dan o seu froito.

Aleluia.

EVANXEO

Marta acolleuno. María escolleu a mellor parte

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 10, 38-42

Naquel tempo, cando ían de camiño, entrou Xesús en certa aldea, e unha muller chamada Marta acolleuno na súa casa. Esta tiña unha irmá chamada María que, sentada ós pés do Señor, escoitaba as súas palabras. Marta, en troques, estaba moi apurada co labor da casa; e achegándose a el, díxolle:

—«Señor, ¿non che importa que a miña irmá me deixe a min o traballo? Dille que me bote unha man.»

Pero o Señor respondeulle:

—«Marta, Marta, preocúpaste e desacógaste con tantas cousas, pero soamente unha é a necesaria. María escolleu a mellor parte, e esa nunca se lle vai quitar.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XVII ORDINARIO

111.-

PRIMEIRA LECTURA

Que non se me enfade o meu Señor se me atrevo a falar

Lectura do libro da Xénese 18, 20-32

Naqueles días, dixo o Señor:

—«O clamor contra Sodoma e Gomorra é moi grande; o seu pecado é grave.

Vou baixar e ver se este clamor que chega onda min corresponde cos feitos; e se non, sabereino.»

Os homes dirixíronse desde alí cara a Sodoma, pero Abrahán quedou diante do Señor.

Abrahán adiantouse cara ó Señor e preguntoulle:

—«¿Por caso aniquilaría-los inocentes cos culpables? Se houber cincuenta xustos na cidade, ¿aniquilaríalos tamén, e non perdoaría-lo lugar por mor dos cincuenta xustos que houber nel?

¡Lonxe de ti facer tal cousa! Mata-lo inocente co culpado, e que teñan os dous a mesma sorte. ¡Lonxe de ti! O que xulga a terra enteira, ¿non vai facer xustiza?»

O Señor respondeu:

—«Se houber cincuenta xustos en Sodoma, perdoaría a toda a cidade por mor deles.»

Abrahán insistiu:

—«Perdoa o atrevemento de lle falar ó meu Señor, sendo eu po e cinsa. Se para cincuenta xustos faltan cinco, ¿aniquilarías por culpa dos cinco toda a cidade?»

Respondeu o Señor:

—«Non a destruirei, se atopo corenta e cinco.»

Abrahán insinuou:

—«Se cadra, hai corenta.»

El respondeu:

—«Non o farei, en vista dos corenta.»

Abrahán dixo:

—«Que non se enfade o meu Señor, se volvo falar aínda. ¿E se houberse trinta?»

El respondeu:

—«Non o farei, se atopo trinta.»

Abrahán teimou aínda:

—«Voume atrever a lle falar outra vez ó meu Señor. Podería ser que houberse vinte.»

Respondeu o Señor:

—«Non a destruirei en gracia ós vinte.»

Abrahán dixo:

—«Que non se alporice o meu Señor, e falarei aínda unha vez. ¿E se houberse dez?»

El respondeu:

—«Non a destruirei por mor dos dez.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 137, 1-2a. 2bc-3. 6-7ab. 7c-8 (R.: 3a)

R.: Cando te chamo, Señor, respóndesme.

Douche gracias, Señor, de todo corazón,
hei cantar para ti diante dos anxos.

Hei prostrarme cara ó teu santo templo. **R.**

Dou gracias ó teu nome,
pola túa misericordia e a túa fidelidade,
Cando te chamo, respóndesme
e acrecénta-las miñas forzas. **R.**

O Señor é excelso, e pon os seus ollos no humilde,
e coñece de lonxe o soberbio.

Cando me vexo en apuro,
ti consérvasme a vida.

Contra o furor dos meus inimigos
esténde-la túa man. **R.**

E libérame a túa dereita.

O Señor completará os seus favores comigo.

A túa misericordia, Señor, é para sempre,
non abandóne-la obra das túas mans. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Déuvo-la vida con el, perdoándovos tódolos pecados

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Colosenses **2, 12-14**

Irmáns:

Sepultáronvos con Cristo no bautismo e tamén resucitades nel pola fe na forza de Deus, que o resucitou de entre os mortos.

E a vós que estabades mortos polos vosos pecados e por non ter circuncidadoi os vosos instintos, déuvo-la vida con el.

El perdoounos tódolos pecados, anulando a cédula dos preceptos legais que ía contra nós: quitouna de diante e espetouna na cruz.

Palabra do Señor.

Aleluia Rm 8, 15bc

Se no se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Recibíste-lo espírito de adopción de fillos;
nel clamamos: Abba, Pai.

Aleluia.

EVANXEO

Pedide e recibiredes

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas **11, 1-13**

Unha vez, despois de estar Xesús orando en certo lugar, un dos discípulos pediulle:

—«Mestre, apréndenos a rezar, como lles aprendeu Xoán ós seus discípulos.»

Respondeulles:

—«Cando recedes, dicide: “Pai, ¡sexá santificado o teu Nome!

Pai, ¡veña o teu Reino! Dános cada día o noso pan. E perdoa os nosos pecados, como tamén perdoamos nós a todo o que nos debe; e non nos sometas á tentación.»»

Logo continuou:

—«Botade de conta que un de vós ten un amigo, que vos presentades na casa del pola noite, fóra, e que lle dicides: “Amigo, déixame tres bolos de pan, que me veu un amigo de viaxe, e non teño nada que lle poñer diante.” E que aquel, desde dentro, responde: “Non me amoles, está a porta pechada, eu e mailos nenos estamos na cama: non me podo erguer agora para chos dar.” Desde logo que, se non se levanta para llos dar por se tratar dun amigo, alomenos por ser teimudo, erguerase e hallos dar.

Por iso dígovos: Pedide e recibiredes, buscade e atoparedes, petade a abrirásevos. Que todo o que pide, recibe; o que busca, atopa; e a quen peta, abriráselle.

Ou logo, ¿que pai hai entre vós que, se o seu fillo lle pide un peixe, lle dá unha cobra? ¿Ou se lle pide un ovo, dálle un alacrán? Pois se vós, sendo ruíns, ben lles sabedes dar cousas boas ós vosos fillos, ¡canto máis o Pai celestial dará o Espírito Santo ós que llo pidan!»»

Palabra do Señor.

DOMINGO XVIII ORDINARIO

114.-

PRIMEIRA LECTURA

¿Que lle aproveita ó home todo o seu labor?

Lectura do libro do Eclesiastés 1, 2; 2, 21-23

Vaidade de vaidades —di Qohélet—

un lene sopro, un breve aire é todo.

Pon por caso un home que lle debe o que gañou

ó seu saber, prudencia e éxito,

e que o teña que deixar en herdanza

a un que non o traballou.

Évos tamén un gran sensentido e gran mal.

Abofé, ¿que tira un home tal de todo o seu esforzo

e de darlle voltas ó maxín, traballando baixo o sol?

Dores tódolos días,

molestias do seu trasfegar,

noites en branco matinando.

¡E isto sonvos tamén andrómenas!

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 89, 3-4. 5-6. 12-13. 14 e 17 (R.: 1)

R.: O Señor é o noso agarimo ó longo das xeracións.

Ti repós no po os mortais,

con dicirlles: «Volvede, fillos de Adán.»

Mil anos son ante ti

coma o día de onte que pasou,

coma unha vixilia da noite. **R.**

Ti falos pasar, e son coma sono mañanceiro;
son coma herba que agroma:
de mañá florece e verdea,
á tarde ségana e seca. **R.**

Ensínanos a conta-los nosos días,
para que acheguémo-lo corazón á sabedoría.
Volve, Señor. ¿Por canto aínda?
Apiádate dos teus servos. **R.**

Dános de mañá a fartura da túa misericordia,
para que teñamos felicidade e ledicia toda a nosa vida.
Que a bondade do Señor, o noso Deus, sexa connosco,
que el consolide as obras das nosas mans. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Buscade as cousas de alá enriba, onde está Cristo

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Colosenses 3, 1-5. 9-11

Irmáns:

Se resucitastes con Cristo, buscade as cousas de alá enriba, onde Cristo está sentado á dereita de Deus; arelade o de arriba e non o da terra.

Vós morrestes e a vosa vida está agachada con Cristo en Deus. Cando se manifeste Cristo, que é a vosa vida, daquela tamén vós vos manifestades con El cheos de gloria.

Así que, dádelle morte a todo canto tedes de terreal: a fornicación, a inmoralidade, a paixón, os malos desexos e a cobiza, que é unha idolatría.

Non vos mintades uns a outros, xa que vos espistes do home vello cos seus malos feitos e vos revestistes do home novo, que se vai anovando conforme a imaxe de quen o creou, para chegar a un coñecemento total.

Alí xa non hai máis nin grego nin xudeu, circuncisión nin paganía, bárbaro, escita, escravo nin libre, senón que Cristo é todo en tódalas cousas.

Palabra do Señor.

Aleluia Mt 5, 3

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Ditosos os pobres no espírito
porque deles é o reino dos ceos.

Aleluia.

EVANXEO

¿Para quen será todo o que fixeches?

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 12, 13-21

Naquel tempo, díxolle a Xesús un que estaba entre a xente:

—«Mestre, dille a meu irmán que reparta a herdanza comigo.»

El contestoulle:

—«Home, ¿quen me nomeou xuíz ou albacea entre vós?»

E logo díxolle á xente:

—«Atención: gardádevos da cobiza, que por moito que un teña non por iso a súa vida depende dos seus bens.»

E propúxolles unha parábola:

—«As terras de certo home rico déranlle moito froito. Púxose entón a cavilar: “¿Como vou facer, que non teño onde mete-lo froito?” E dixo: “Xa o sei: vou desface-los meus celeiros, e constrúo outros máis grandes e alí meto o trigo todo e tódolos meus bens. Logo direime a min mesmo: ‘Amigo, xa tes aí reservas para moitos anos; descansa, come, bebe e ¡a vivir!’” Pero Deus díxolle: “Insensato, esta mesma noite váiseche reclama-la túa vida: ¿para quen será todo o que fixeches?”

Así é quen atesoura riquezas para si, pero non é rico para Deus.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XIX ORDINARIO

117.-

PRIMEIRA LECTURA

**Co mesmo feito co que castigába-los adversarios
déchesnos sona convocándonos a ti**

Lectura do libro da Sabedoría 18, 6-9

Aquela noite fóralles anunciada de antemán ós nosos pais de modo que, sabendo de certo a que promesas deran creto, se sentisen fortes.

O teu pobo estaba xa á espera da salvación dos xustos e do exterminio dos inimigos; co mesmo feito co que castigába-los adversarios déchesnos sona convocándonos a ti.

Ás agachadas facían sacrificios os piadosos fillos dos xustos e, postos de acordo, impuxeron esta divina lei: que os santos compartisen por xunto os bens e os perigos —ó tempo que xa entoaban os himnos dos antepasados—.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 32, 1 e 12. 18-19. 20 e 22 (R.: 12b)

R.: Feliz o pobo que o Señor escolleu como herdade.

Alegrádevos, xustos, no Señor:

ós homes rectos acáelles loarte.

Feliz a nación que reconece a Deus por Señor,
o pobo que El escolleu como herdade. **R.**

Os ollos do Señor están postos nos que o temen,
nos que esperan na súa misericordia,
para libra-las súas vidas da morte,
para os manter no tempo da miseria. **R.**

Nós agardámo-lo Señor:

El é o noso socorro, o noso escudo.
Veña a nós, Señor, a túa misericordia,
como de ti o esperamos. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Agardaba aquela cidade da que o arquitecto e constructor é Deus

Lectura da carta ós Hebreos 11, 1-2. 8-19

Irmáns:

A fe é un anticipo do que se espera e a proba convincente das cousas que non se ven. Pois en razón dela testemuñou Deus dos nosos devanceiros.

Deus chamou por Abrahán, e este, movido pola fe, obedeceuno e saíu para un lugar que había de recibir en posesión, sen saber onde ía.

Movido pola fe, emigrou á terra prometida, como se fose terra allea, habitando en tendas de campaña, e o mesmo Isaac e Xacob, herdeiros da mesma promesa. Agardaba aquela cidade con bos cimentos, da que o arquitecto e constructor é Deus.

Pola fe e por considerar fiel ó que lle fixera a promesa, recibiu poder para fundar descendencia, fóra xa da idade axeitada e con ser Sara estéril. Deste xeito, dun só e xa caduco para estas cousas, naceu un mundo de fillos, coma as estrelas do ceo e coma a area incontable da ribeira do mar.

Todos estes morreron con fe, sen chegaren a conseguí-las promesas, pero albiscáronas e saudáronas desde lonxe e confesaron que eles eran só estranxeiros e peregrinos nesta terra. Ó diciren estas cousas, daban a entender que degoiraban unha patria. Pois se lles acordaba aquela patria de onde saíran, estaban a tempo de se volveren.

Pero máis ben suspiraban por outra patria mellor: a celestial. Por iso Deus non se avergonza de que o chamen o seu Deus, xa que lles preparou unha cidade.

Pola fe Abrahán, posto a proba, ofrendou a Isaac: o que recibira de Deus as promesas, cando se lle dixo: «Por Isaac terás descen-

dencia», ofrendou o seu único fillo, pensando que Deus é poderoso, incluso para resucita-los mortos. Por iso recobrouno tamén como figura misteriosa.

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

Lectura da carta ós Hebreos 11, 1-2, 8-12

Irmáns:

A fe é un anticipo do que se espera e a proba convincente das cousas que non se ven. Pois en razón dela testemuñou Deus dos nosos devanceiros.

Deus chamou por Abrahán, e este, movido pola fe, obedeceuno e saíu para un lugar que había de recibir en posesión, sen saber onde ía.

Movido pola fe, emigrou á terra prometida, como se fose terra allea, habitando en tendas de campaña, e o mesmo Isaac e Xacob, herdeiros da mesma promesa. Agardaba aquela cidade con bos cimentos, da que o arquitecto e constructor é Deus.

Pola fe e por considerar fiel ó que lle fixera a promesa, recibiu poder para fundar descendencia, fóra xa da idade axeitada e con ser Sara estéril. Deste xeito, dun só e xa caduco para estas cousas, naceu un mundo de fillos, coma as estrelas do ceo e coma a area incontable da ribeira do mar.

Palabra do Señor.

Aleluia Mt 24, 42a. 44

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Vixiade e estade preparados
porque á hora que non pensades
virá o Fillo do Home.

Aleluia.

EVANXEO

E vós, estade preparados

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 12, 32-48

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Non teñas medo, miña grea pequena, que o teu Pai com-praceuse en darche o Reino. Vendede os vosos bens e dádeos en esmola, facede bolsas que non se estraguen, un tesouro inesgotable no ceo, onde o ladrón non pode chegar e onde a traza non o bota a perder. Pois onde está o teu tesouro, estache o teu corazón.

Tede posta a roupa de traballo e as lámpadas acesas; sédeme coma os que agardan que volva o seu amo da voda, para que, cando chegue e chame, lle poidan abrir. Ditosos os criados a quen o amo atope agardando cando chega.

Tede por certo que poñerá a roupa de traballo, sentaraos na mesa e serviraos un por un. Sexa pola anoitecida ou sexa pola alborada, se os atopa así, felices eles.

Entendede ben: se o dono da casa soubese a que hora vai chega-lo ladrón, non permitiría que lle asaltasen a casa. Así tamén: estade vós preparados, porque á hora menos pensada ha vi-lo Fillo do Home.»

Díxolle Pedro:

—«Señor, ¿a parábola que acabas de contar vai por nós ou por todos en xeral?»

Contestoulle o Señor:

—«¿Quen é, logo, o administador fiel e prudente, a quen o seu señor encargará o coidado de dar no seu tempo a ración de trigo á servidume? ¡Ditoso o criado aquel, a quen o seu amo, cando chega, o atopa cumprindo coa súa tarefa! Tede por seguro que lle encomendará toda a facenda.

Pero se o criado aquel di para si: “O amo aínda non vén para agora” e empeza a mallar nos criados, comendo e bebendo ata se emborrachar; o día menos pensado e á hora máis imprevista, chegará o amo do criado aquel, e botarao fóra cos infieis. O criado que, coñecendo as vontades do amo, non ten todo preparado nin feitas as cousas como a el lle gustan, levará moitos paos; pero o que non os coñece, aínda que faga algo que mereza castigo, levará poucos.

A quen moito se lle dá, moito se lle esixirá; e a quen moito se lle confía, moito se lle pedirá.»

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 12, 35-40

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«Tede posta a roupa de traballo e as lámpadas acesas; sédeme coma os que agardan que volva o seu amo da voda, para que, cando chegue e chame, lle poidan abrir. Ditosos os criados a quen o amo atope agardando cando chega.

Tede por certo que poñerá a roupa de traballo, sentaraos na mesa e serviraos un por un. Sexa pola anoitecida ou sexa pola alborada, se os atopa así, felices eles.

Entendede ben: se o dono da casa soubese a que hora vai chegarlo ladrón, non permitiría que lle asaltasen a casa. Así tamén: estade vós preparados, porque á hora menos pensada ha vi-lo Fillo do Home.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XX ORDINARIO

120.-

PRIMEIRA LECTURA

Fixéchesme varón de discordia en toda a terra

(Xer 15, 10)

Lectura do libro do profeta Xeremías 38, 4-6. 8-10

Naquel tempo, as autoridades dixéronlle ó rei:

—«Fágase morrer a este home, pois deste xeito está a afrouxalos ánimos dos homes de guerra que quedan nesta cidade e os ánimos de todo o exército, dicíndolles cousas coma estas. Certamente este home non está a busca-lo benestar para o pobo, senón que está a busca-la súa desgracia.»

O rei Sedecías repúxolles:

—«Aí o tendes no voso poder, pois o rei non pode nada contra vós.»

Eles colleron a Xeremías e botárono na cisterna de Malaquías, príncipe real que estaba no patio da garda, baixando a Xeremías con cordas.

No pozo non había auga, senón lama, e Xeremías enterrouse na lama.

Saíu Ébed-Mélec do palacio real e faloulle ó rei nestes termos:

—«Meu señor, meu rei, estes homes cometeron unha inxustiza con todo o que lle fixeron a Xeremías, o profeta, e con botalo na cisterna; vai morrer onde está por falta de pan, xa que non hai pan na cidade.»

Entón o rei deulle esta orde a Ébed-Mélec, o etíope:

—«Colle ás túas ordes tres homes destes, e sube da cisterna o profeta Xeremías, antes de que morra.»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 39, 2. 3. 4. 18 (R.: 14b)

R.: Dáte presa, Señor, en socorrerme.

Esperei arelante no Señor:
el volveu cara a min os seus ollos
e escoitou o meu lamento. R.

Subiume dun abismo de desgracia,
dunha poza lamacenta;
Asentou os meus pés sobre unha rocha
e asegurou os meus pasos. R.

Púxome na boca un cantar novo,
un himno de loanza ó noso Deus.
Moitos, ó velo, quedaron abraiados
e confiaron no Señor. R.

Eu son humilde e pobre,
pero o Señor coida de min.
Ti e-lo meu auxilio, o meu liberador;
¡meu Deus, non te demores! R.

SEGUNDA LECTURA

Corramos con aguante a carreira que temos por diante

Lectura da carta ós Hebreos 12, 1-4

Irmáns:

Xa que nos vemos ateigados por unha tal morea de testemuñas, soltando todo o que nos estorba e o pecado que nos aboura, corramos con tenacidade a carreira que temos por diante, fitos os ollos en Xesús, o primeiro guía e perfeccionador da nosa fe.

El, sen amedrentarse polas aldraxes, soportou a cruz por mor da ledicia que o agardaba e está sentado á dereita do trono de Deus.

Fixádevos, polo tanto, naquel que veu soportando tal oposición contra si mesmo de parte dos pecadores, para que non esmoreza o voso ánimo.

Aínda non resististes ata o sangue na vosa loita contra o pecado.
Palabra do Señor.

Aleluia Xn 10, 27

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

As miñas ovellas escoitan a miña voz, di o Señor;
e eu coñezoas e elas séguenme.

Aleluia.

EVANXEO

Non vin traer paz, senón discordia

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 12, 49-53

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

—«¡Lume vin traer á terra: e que máis quería eu ca que xa estivese a arder! Hanme bautizar cun bautismo e ¡xa me tarda a hora de que se cumpra! ¿Pensades que vin trae-la paz á terra? Abofé que non: vin traer división. Pois desde agora na casa onde haxa cinco, estarán divididos tres contra dous e dous contra tres.

Estarán enfrontados pai con fillo e fillo con pai, nai con filla e filla con nai, sogra con nora e nora con sogra.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXI ORDINARIO

123.-

PRIMEIRA LECTURA

Traerán a tódolos vosos irmáns de entre os xentís

Lectura do libro do profeta Isaías 66, 18-21

Isto di o Señor:

«Eu chego para xuntar tódolos pobos e as linguas, para que veñan e vexan a miña gloria.

Porei no medio deles un sinal e mandarei os superviventes de entre eles ás nacións: a Tárxix, a Pul e a Lud, ós que tensan o arco, a Tubal e a Iaván, ás remotas nacións costeiras que non oíron o meu renome, nin viron a miña gloria.

Eles manifestarán a miña gloria entre os pobos. Eles traerán a tódolos seus irmáns como ofrenda para o Señor, en cabalos e en carros, en liteiras, en mulos e en dromedarios, ata o meu santo monte de Xerusalén —dío o Señor—, así como os fillos de Israel traen ó templo do Señor a ofrenda en vasillas limpas.

Tamén collerei a algúns deles para sacerdotes e levitas» —dío o Señor—.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial ; Sal 116, 1. 2 (R.: Mc 16, 15)

R.: Ide predicalo Evanxeo a todo o mundo.

Ou:

Aleluia.

Loade o Señor, tódalas nacións,
aclamádeo, tódolos pobos. **R.**

Porque é firme connosco a súa misericordia,
e a fidelidade do Señor dura por sempre. **R.**

SEGUNDA LECTURA

O Señor proba a quen ama

Lectura da carta ós Hebreos 12, 5-7. 11-13

Irmáns:

Xa vos esqueceu aquel consello de Deus, que vos fala coma a fillos:

—«Meu fillo, non despréce-la corrección do Señor nin esmorezas cando El che rife; porque o Señor, a quen lle quere ben, corríxeo, e zorrégalle a todo aquel que recoñece por fillo.»

Aturade a corrección, para o voso adestramento: é Deus que vos trata coma fillos. Porque, ¿hai algún fillo a quen non corrixa seu pai?

Certo que ningunha corrección resulta agradable de momento senón triste; pero co tempo ós que están exercitados nela págalles co froito sereno da xustiza.

Por iso, entesade as vosas mans febles e os vosos xeonllos trementes e poñede os vosos pés en vieiros dereitos para que a perna coxa non escorde, senón que máis ben cure.

Palabra do Señor.

Aleluia Xn 14, 6

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Eu son o camiño e a verdade e a vida, di o Señor;
ninguén chega onda o Pai máis ca por min.

Aleluia.

EVANXEO

Virán de oriente e de occidente e integráranse no reino de Deus

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 13, 22-30

Naquel tempo, atravesaba Xesús vilas e aldeas ensinando, camiño de Xerusalén.

Un preguntoulle:

—«Señor, ¿e logo son poucos os que se salvan?»

El respondeu:

—«Loitade para entrardes pola porta estreita, porque vos aseguro que moitos intentarán entrar e non poderán. Despois de que o dono da casa peche a porta e empecéde-los de fóra a petar nela dicindo: “Señor, ábrenos”, el responderá: “Non sei quen sodes.”

Entón empezaredes a dicir: “¡Se nós comemos e bebemos contigo e ti ensinaches polas nosas rúas!” El repetirá: “Non sei quen sodes. ¡Arredade de min os que practicáde-la inxustiza!”

Daquela habedes chorar e hanvos renxe-los dentes: cando vexades que Abrahán, Isaac, Xacob e tódolos profetas están no Reino de Deus, e que a vós vos botan para fóra. E chegarán de Oriente e Occidente, do norte e do sur a sentar na mesa do Reino de Deus.

Si, hainos que son últimos e serán os primeiros, e hainos primeiros que serán os derradeiros.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXII ORDINARIO

126.-

PRIMEIRA LECTURA

Faite humilde; encontrarás gracia diante de Deus

Lectura do libro do Eclesiástico

3, 19-21. 30-31 (gr. 17-18. 20. 28-29)

Meu fillo, cando sexas rico procede modestamente
e virás a ser máis amado có que fai moitos agasallos;
faite pequeno diante das grandezas do mundo
e encontrarás favor onda Deus.

Non vaias á procura do difícil de máis para ti
nin pescúde-lo que te supera;

Non corras a sanda-la ferida do burlón;
non ten cura pois é grelo de planta cativa.

A mente sabia comprende os ditos dos Sabios,
o oído atento á Sabedoría aledarase.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 67, 4-5ac. 6-7ab. 10-11 (R.: cf. 11b)

R.: Na túa bondade, Deus, dispuxeches unha casa para o pobre.

Os xustos alégranse, exultan na súa presenza,
reloucan de contento.

Loade o Señor, cantade o seu nome.

Chámase Señor: exultade diante del. **R.**

Os orfos teñen un pai, as viúvas un vingador:

Deus na súa morada santa.

Deus dálles fogar ós solitarios,

libra os presos e enriqueceos. **R.**

Vertiches, Deus, chuvia xenerosa,
 fortalecíche-la herdade extenuada.
 O teu rabaño aposentou no lugar
 que ti, Deus, dispuxeras na túa bondade para os pobres. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Estades diante do monte Sión, da cidade do Deus vivo

Lectura da carta ós Hebreos **12, 18-19. 22-24a**

Irmáns:

Non estades diante de algo que se poida apalpar nin dun lume ardente nin dunha nube negra e borrascosa nin dunha tormenta, nin diante do bucinazo dunha trompeta nin do boureo dunhas palabras coma as que escoitaron aqueles que, ó sentilas, pediron que non se pronunciase ningunha máis.

Vós, en cambio, estades diante do monte Sión, da cidade do Deus vivo, da Xerusalén celeste; diante de milleiros de anxos, da Igrexa dos primoxénitos censados no ceo, e diante de Deus, xuíz de todos, e das ánimas dos xustos que xa chegaron á súa perfección, e diante de Xesús, mediador da Nova Alianza.

Palabra do Señor.

Aleluia Mt 11, 29ab

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Cargade co meu xugo, di o Señor,
 e aprendede de min, que son bo e humilde de corazón.
 Aleluia.

EVANXEO

Quen se exalta será humillado e quen se humilla será exaltado

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas **14, 1. 7-14**

Un sábado ía Xesús comer á casa dun xefe dos fariseos; e eles vixiábano.

Decatándose de que os convidados buscaban os primeiros postos, contoulles unha parábola:

—«Cando alguén te convide a unha voda, non te poñas no primeiro posto. Pode suceder que un máis distinguido ca ti tamén estea convidado e que veña o que vos convidou e che diga: “Déixalle o sitio a este”, e cheo de vergonza teñas que ir para o derradeiro lugar.

O revés, ti, cando te conviden, ponte de último, para que cando chegue o que te convidou che poida dicir: “Amigo, sube máis arriba.” E quedarás moi ben diante de tódolos convidados. Porque a quen se ten por moito, hano rebaixar e a quen se rebaixe hano enaltecer.»

E díxolle tamén ó que o convidara:

—«E ti, cando deas un xantar ou unha cea, non cháme-los teus amigos, irmáns, parentes ou veciños ricos; non sexa que eles te recompensen convidándote tamén a ti.

Cando deas un banquete, convida os pobres, eivados, coxos e cegos; e serás ditoso, porque non te poden recompensar; pero xa se che recompensará na resurrección dos xustos.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXIII ORDINARIO

129.-

PRIMEIRA LECTURA

¿Quen se decatara do que quere o Señor?

Lectura do libro da Sabedoria 9, 13-19 (gr. 13-18b)

¿Que home de feito poderá coñece-lo plan de Deus
ou quen se decatara do que quere o Señor?

Abofé, os pensamentos dos mortais son covardes
e inseguros os nosos proxectos.

Porque o corpo corruptible pesa na alma
e a tenda terrestre oprime a mente cavilosa.

Se con dificultade imaxinámo-lo que hai sobre a terra
e con traballo atopámo-lo que está a man,
¿quen pescudará o que hai no ceo?

¿Quen coñecerá o teu consello se ti non lle dás sabedoría
mandando o teu espírito santo desde o alto?

Soamente deste xeito se endereitaron os vieiros dos terrestres,
aprenden os homes o que é do teu gusto
e son salvados pola Sabedoría.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 89, 3-4. 5-6. 12-13. 14 e 17 (R.: 1)

R.: O Señor é o noso agarimo ó longo das xeracións.

Ti repós no po os mortais,
con dicirlles: «Volvede, fillos de Adán.»
Mil anos son ante ti
coma o día de onte que pasou,
coma unha vixilia da noite. **R.**

Ti falos pasar, e son coma sono mañanceiro;
son coma herba que agroma:
de mañá florece e verdea,
á tarde ségana e seca. **R.**

Ensínanos a conta-los nosos días,
para que acheguémo-lo corazón á sabedoría.
Volve, Señor. ¿Por canto aínda?
Apiádate dos teus servos. **R.**

Dános de mañá a fartura da túa misericordia,
para que teñamos felicidade e ledicia toda a nosa vida.
Que a bondade do Señor, o noso Deus, sexa connosco,
que el consolide as obras das nosas mans. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Recíbeo non xa como un servo, senón como un benquerido irmán

Lectura da carta do apóstolo san Paulo a Filemón **9b-10. 12-17**

Benquerido irmán:

Sen máis título que ser eu Paulo, un vello que agora está preso por Cristo Xesús, pídoche por Onésimo, o meu fillo, que enxendrei estando na cadea.

Velaí cho mando. Velaí che vai unha parte das miñas entrañas.

Pensei en me quedar con el, para que me axudase no teu lugar, mentres estou preso polo Evanxeo. Pero non quixen facer nada sen contar co teu consentimento, para que non fagas este ben á forza, senón porque che sae de dentro.

Igual por iso marchou de onda ti algún tempo: a fin de que agora o recuperes para sempre, non xa como escravo, senón como algo máis ca escravo: coma un irmán benquerido.

Para min é moi querido; ¡moito máis o vai ser para ti, como home e como cristián! Así que se me consideras un amigo, acólleo coma a min.

Palabra do Señor.

Aleluia Sal 118, 135

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Fai brillar ante o teu servo a túa presenza
e ensíname os teus mandatos.

Aleluia.

EVANXEO

Quen non renuncia a todo canto posúe, non pode ser discípulo meu

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 14, 25-33

Nunha ocasión que seguía a Xesús moita xente, volveuse a eles e díxolles:

—«Se alguén me quere seguir e non está disposto a romper con seu pai e con súa nai, coa muller e mais cos fillos, cos irmáns e coas irmás, e incluso coa súa propia vida, non pode ser discípulo meu. O que non carga coa súa cruz e me segue, non pode ser discípulo meu.

Pois ¿quen de vós, querendo construír unha torre, non se para a pensar no presuposto, a ver se a pode rematar? Non vaia ser que bote os alicerces e non a dea rematado e a xente que o vexa faga riso del, dicindo: “Este empezou a construír e non deu rematado.”

Ou ¿que rei, que sae á guerra contra outro, non se senta primeiro a cavilar se lle chegarán dez mil homes para loitar contra vinte mil? E, se ve que non, cando aínda o ten lonxe, mándalle unha embaixada, pedindo condicións de paz.

Pois así, como non renunciades a todo o que tedes, non hai de vós quen poida ser discípulo meu.»

Palabra do Señor.

DOMINGO XXIV ORDINARIO

132.-

PRIMEIRA LECTURA

O Señor renunciou ó castigo co que ameazara ó seu pobo

Lectura do libro do Éxodo 32, 7-11. 13-14

Naqueles días, o Señor díxolle a Moisés:

—«Anda, baixa da montaña, porque o teu pobo, o que ti sacaches de Exipto, perverteuse. Desviáronse axiña do camiño que eu lles indicara. Fixéron un becerro de metal, próstranse diante del, ofrécenlle sacrificios e pregoan: “Este é o teu Deus, Israel, o que te sacou de Exipto.”»

E díxolle o Señor aínda a Moisés:

—«Vexo que ese é un pobo de dura caluga. Deixa, pois, que agora se acenda a miña ira contra eles e os consuma. Pero a ti convertereite nun gran pobo.»

Entón rogou Moisés ante o Señor, o seu Deus:

—«¿Por que, Señor, se ten que acende-la túa ira contra o teu pobo, que con moito poder e con man rexa ti sacaches de Exipto? Lembra os teus servos Abrahán, Isaac e Israel, ós que con xuramento prometiches: “Multiplicarei os vosos descendentes coma as estrelas do ceo, e dareilles este país de que vos teño falado, para que o posúan a perpetuidade.”»

E o Señor renunciou ó castigo co que ameazara ó seu pobo.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 50, 3-4. 12-13. 17 e 19 (R.: Lc 15, 18)

R.: Levantareime e irei onda meu pai.

Compadécete de min, oh Deus, pola túa bondade;
pola túa gran misericordia, borra o meu pecado;

lávame enteiro da miña iniquidade,
límpame da miña culpa. **R.**

Crea, oh Deus, en min un corazón puro,
renóvame por dentro con espírito firme;
non me botes da túa presenza,
e non tires de min o teu santo espírito. **R.**

Abre, Señor, os meus labios,
e a miña boca pregoará a túa loanza.
O meu sacrificio a Deus é un espírito contrito:
un corazón contrito e humilde
Deus, ti non o desprezas. **R.**

SEGUNDA LECTURA

Cristo veu salva-los pecadores

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo a Timoteo **1, 12-17**

Benquerido irmán:

Doulle gracias a Cristo Xesús, noso Señor, que me fortaleceu, porque confiou en min, encomendándome o ministerio; a min que fora un blasfemo, perseguidor e inxuriador. Pero compadeceuse porque o fixera por ignorancia, sen ter aínda fe; e a gracia do noso Señor sobreabundou coa fe e o amor, que hai en Cristo Xesús.

Esta é palabra segura, merecente de que todos a acollan: que Cristo Xesús veu ó mundo para salva-los pecadores, dos que eu son o primeiriño.

Pero por iso mesmo compadeceuse, a fin de que Cristo Xesús amosase en min, o primeiro, toda a súa paciencia como exemplo para os que habían crer nel para logra-la vida eterna.

¡Ó Rei da eternidade, inmortal, invisible, único Deus: honra e gloria polos séculos dos séculos! Amén.

Palabra do Señor.

Aleluia 2 Cor 5, 19

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Deus estaba en Cristo reconciliando o mundo consigo,
e poñendo en nós a mensaxe da reconciliación.

Aleluia.

EVANXEO

Haberá grande alegría nos ceos por un pecador que fai penitencia

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 15, 1-32

Naquel tempo, os publicanos e pecadores achegábanse a Xesús para o escoitaren. Por iso os fariseos e letrados murmuraban:

—«Este acolle os pecadores e come con eles.»

Entón Xesús contoulles esta parábola:

—«¿Quen de vós, se ten cen ovellas e perde unha delas, non deixa as noventa e nove no descampado, e vai en busca da perdida, a ver se a atopa? E cando a atopa, volve todo contento para a casa, con ela no lombo; e, chamando por amigos e veciños, dilles: “Alegrádevos comigo, que atopei a ovella que perdera.”

Pois asegúrovos unha cousa: no ceo haberá máis alegría por un pecador que se converta que por noventa e nove xustos que non precisan conversión.

E ¿que muller que teña dez moedas e perde unha, non acende a luz, e non varre a casa, buscándoa con coidadiño ata atopala? E cando a atopa, chama polos amigos e veciños para lles dicir: “Alegrádevos comigo, que atopei a moeda perdida.” Asegúrovos que outro tanto se alegran os anxos por un só pecador que se converta.»

E dixo tamén:

—«Un home tiña dous fillos. O máis novo díxolle ó pai: “Papá, dáme a parte da herdanza que me corresponde.” El repartiulle-los seus bens. Días despois, este fillo recibiu todo xunto e marchou para un país remoto, onde malgastou a súa fortuna vivindo coma un perdido.

Despois de o gastar todo, houbo unha gran fame naquela terra, e empezou a pasar necesidade. Entón, acudindo a un natural do país, entrou a servir, e mandouno a unha granxa a coida-los porcos. Alí

chegou a ter gana de enche-lo estómago coas landras que comían os porcos, pero ninguén llas daba.

Recapacitando, pensou: “¡Hai que ver! Cantos xornaleiros do meu pai teñen pan a fartar, e eu morro coa fame. Si, vou volver á de meu pai e voulle dicir: ‘Papá, pequei contra o ceo e contra ti; xa non son digno de que me trates coma un fillo, trátame coma un xornaleiro.’”

Levantouse e volveu onda seu pai. Aínda estaba lonxe cando este, enxergándoo, saíu emocionado a recibilo, e botádoselle nos brazos, bicouno agarimosamente. O fillo exclamou: “Papá, pequei contra o ceo e contra ti, xa non son digno de que me trates coma un fillo.”

Pero o pai díxolles ós seus criados: “Axiña, sacade a túnica mellor e vestídella; poñédelle un anel na man e calzado nos pés. Preparade un cuxo cebado para comelo e facer unha gran festa. Porque este fillo meu estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo». E empezou a festa.

Pero resulta que o fillo máis vello estaba na leira e cando viña para casa, oíu a música e mailo baile. Chamou por un criado e preguntoulle que pasaba. O criado contestoulle: “Éche que volveu teu irmán, e teu pai mandou mata-lo cuxo cebado por recuperalo san e salvo.” Entón alporizouse moito, e non quería entrar.

Pero o pai, saíndo, intentouno convencer. El díxolle: “Tantos anos como levo servíndote sen che faltar nunca en nada, e nunca un cabrito me deches para troulear cos meus amigos; e agora resulta que vén ese teu fillo, que queimou os teus bens con mulleres de mala vida, e máta-lo cuxo cebado.”

O pai contestoulle: “Meu fillo, ti sempre estás comigo e todo o meu é teu, ¿que menos que celebrar unha festa cheos de alegría, xa que ese teu irmán estaba morto e volve á vida, estaba perdido e atopámolo?”»

Palabra do Señor.

Ou máis breve:

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas **15, 1-10**

Naquel tempo, os publicanos e pecadores achegábanse a Xesús para o escoitaren. Por iso os fariseos e letrados murmuraban:

—«Este acolle os pecadores e come con eles.»

Entón Xesús contoulles esta parábola:

—«¿Quen de vós, se ten cen ovellas e perde unha delas, non deixa as noventa e nove no descampado, e vai en busca da perdida, a ver se a atopa? E cando a atopa, volve todo contento para a casa, con ela no lombo; e, chamando por amigos e veciños, dilles: “Alegrádevos comigo, que atopei a ovella que perdera.”

Pois asegúrovos unha cousa: no ceo haberá máis alegría por un pecador que se converta que por noventa e nove xustos que non precisan conversión.

E ¿que muller que teña dez moedas e perde unha, non acende a luz, e non varre a casa, buscándoa con coidadiño ata atopala? E cando a atopa, chama polos amigos e veciños para lles dicir: “Alegrádevos comigo, que atopei a moeda perdida.” Asegúrovos que outro tanto se alegran os anxos por un só pecador que se converta.»

Palabra do Señor.
